




A todos os mestres e mestras que traballan
sempre coa mesma ilusión do primeiro día.

José Carlos

Á miña nai profesora. Durante a súa docencia,
seguro que agradecería esta guía.

Ignacio

Profes: guía básica de supervivencia
Colección Miau

Primeira edición: setembro 2024

Título orixinal: Profes: guía básica de supervivencia

© Ediciones Jaguar, 2023
C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: José Carlos Román 2024
© Ilustracións: Ignacio Hernández, 2024
© Tradución: Vanesa López García, 2024

 EdicionesJaguar

 @Ed_Jaguar

 edicionesjaguar

 ediciones_jaguar

THEMA: YBC
ISBN: 978-84-18753-64-0
Depósito legal: M-12431-2024

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra

PROFES

GUÍA BÁSICA DE SUPERVIVENCIA

JOSÉ CARLOS
ROMÁN

IGNACIO
HERNÁNDEZ



miau

QUERES SER PROFE?
TELO CLARO DE VERDADE?
XA O ERES, PERO QUERES
PERFECCIONAR A TÚA TÉCNICA?

POIS ESTE É O TEU LIBRO!

ADVERTENCIA!

SER PROFE NON É FÁCIL, MAIS NON TEÑAS MEDO.
NESTA GUÍA ATOPARÁS AS CLAVES E
SEGREDOS PARA CONVERTÉRESTE EN...

PROFE NUMBER #1!



Comecemos polo máis importante:
apaña un grupo de nenos e nenas.
Hai de carácter diverso. De feito,
podes encontrar moitos tipos:

CONSELLO

Lembra que a rapazada heteroxénea
e variada sempre é máis divertida



A DESGANADA

A BOHEMIA

O ARTISTA

A LÍDER

O MEGADECIBELIOS

O TAMBORILEIRO

O CHISTOSO

A DEFENSORA DE
PREITOS POBRES

A INVENTORA

O RESABIDO

O HOME-BALA

O ORGANIZADOR

A TÚA SOMBRA

O ENTUSIASTA

O APLICADO

A ANIMALISTA

O ROMÁNTICO

As familias tamén son importantes!
Por sorte, hai moita variedade:

- Papá e mamá.
- Mamá e mamá.
- Papá e papá.
- Só papá.
- Só mamá.
- E máis...

Ten presente que os bos profes preparan ben as reunións
coas familias para que lles quede todo moi claro:



O DÍA DA FROITA
PODEN TRAERSE
ZUMES?

PÓDESE TRAER UN
BOCADILLO DE QUEIXO
O DÍA DOS LÁCTEOS?

A AUGA DAS BOTELLAS
TEN QUE SER CON GAS
OU SEN GAS?

CAL É A CLAVE
DA WIFI?

TEÑEN ALGUNHA
DÚBIDA OU
PREGUNTA?

VAILLE MONDAR
VOSTEDE AS MANDARINAS
AO MEU FILLO OU TEN
QUE TRAE LAS XA
PELADAS?

OLLO Á DATA!

O 15 de maio celébrase o Día
Internacional das Familias.

CONSELLO: Ten en conta que non
podes gustarlles sempre a todas as familias...
Nin que foses unha croqueta da avoa!

PODERÍAN CAMBIAR A
MIÑA FILLA DE CLASE? É
QUE NA DO LADO ESTÁN
OS SEUS AMIGUIÑOS
DO PARQUE.